



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 33 - NOVEMBRO 2007

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo 1: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno.: 982 284111 Fax: 982 231 203

Lugo 2: Pazo de Feiras e Congressos de Lugo - O Palomar s/n - 27004 Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

VIII XORNADAS TÉCNICAS DE OVICA

O sábado 10 de novembro de 2007 tiveron lugar as "**VIII Xornadas Técnicas de Ovino e Caprino**", no Pazo de Fontefiz (Coles - Ourense), ás que asistiron un número importante de socios e gandeiros do sector.

Na inauguración da Xornadas estiveron presentes D^a Araceli Pillado (Presidenta de OVICA), D. Xosé Rodríguez Cid (Delegado da Consellería do Medio Rural en Ourense) e D. Carlos López Franco (Director do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia).

As charlas de D. Xosé Ramón Pedreira Dono sobre os Servizos de Asesoría ás Explotacións e de D^a Sandra de la Hera Martínez sobre o Manexo Sanitario Reprodutivo foron de gran interese para os asistentes. Despois dun xantar conxunto, pola tarde tivo lugar unha visita guiada ó Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia.



XORNADA DE OVINO DE LEITE

O sábado 24 de novembro celebrouse nas instalacións da Fundación Semana Verde en Silleda unha Xornada de Ovino de Leite, organizada pola AD SG ACIVO e á que asistiron varios socios de OVICA e ACIVO e outros gandeiros interesados no sector.

O Programa desta Xornada aparece a continuación:

11:00 "Prevención e Control das Enfermidades incluídas no Programa Sanitario da AD SG de Ovino e Caprino: medidas de control de Maedi visna en explotacións de leite" (D. Miguel Viña, D^a Pilar Suárez. Veterinarios da AD SG ACIVO)

12:00 "Patoloxía Xeral nas Explotacións de Leite: Mamitis" (D. Juan Marco Melero. Doutor en Veterinaria e Xefe do "Laboratorio Normativo de Salud Pública" do Goberno Vasco)

16:30 Visitas guiadas a explotacións de leite da zona

CURIOSIDADES



Unha serpe pitón (*Python* spp) de 6 metros e 90 kg comeu unha ovella preñada en Kampung Jabor (Malasia). Nun pobo próximo tamén capturaron outra pitón que comeu a 11 cans! E sen mastigar!!

RAZAS: CABRA MALAGUEÑA



Orixe: Autóctona do sur da península Ibérica, con un censo duns 300.000 animais

Características: Raza rústica de notable aptitude leiteira, adaptada a zonas áridas, capa uniforme rubia de varias tonalidades.

Pesos: 60-75 kg (M) 45-60 kg (F)

Prolificidade: 1,9-2,1.

Fertilidade: elevada, practicamente todo o ano.

Producción media:

451 kg en 240 días de lactación

5,2 % MG; 3,7 % Proteína

Productos: Queixo de Málaga e

Chivos de leite con 8-9 kg ós 30 días

Información: ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE

CRIADORES DE LA CABRA MALAGUEÑA

Tfno.: 95 275 85 63 (Málaga)



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Vendese tractor John Deere modelo 2030 con 3133 horas de traballo e empacadora marca Balle nº 152 Contacto 982 15 11 59 / 699 893 948
- Vendese rabaño de 268 ovellas e 305 dereitos (Xinzo de Limia –Ourense) Contacto: 625 053 876
- Vendese rabaño dunhas 100 cabezas e dereitos (Baltar – Ourense) Contacto: 988 466 710
- Véndese rabaño de 300 cabezas e dereitos (Xinzo de Limia- Ourense) tfno. 652 619 913
- Véndense 80 ovellas con 80 dereitos. O Páramo (Lugo) tfno. contacto 982 54 34 54
- Véndese explotación de ovino/caprino, zona de Valdeorras, 350-400 cabras, nave 1.200 m², maquinaria, oficina, enfermería, 58 Has de terreo. Tfno.: 988 335701
- Véndese rabaño de 17-18 ovellas e macho + 18 dereitos (Amoeiro.Ourense)Tfno.:988240304 - 616429185.

CURSOS DE A ESTRADA – CONVENIO MASTINS

Finalizaron as charlas enmarcadas dentro do Curso de Gandería Sostible de A Estrada, organizado pola Soc. Coop. Galega Monte Cabalar, OVICA e o SLG, ó que asistiron un gran número de interesados.

As datas e temas máis relevantes do curso foron:

O domingo día 7 de outubro, Alejandro Ibarra, adestrador e criador de Border Collie que colabora habitualmente con OVICA, impartiu un “Curso de Manexo de Rabaños con Cans”

Os días 20 e 21 de outubro realizouse o “Curso de Tosquiado”, e finalmente, os días 9 e 10 de novembro tivo lugar o curso de “Prevención de Ataques de Lobo”, no que participaron técnicos de OVICA, A.RE.NA (Asesores en Recursos Naturais S.L.) e o Grupo de Acción Ecoloxista Outeiro. As charlas tratáronse tódolos temas relativos ós ataques do lobo ó gando, pero destacou a importancia no uso de métodos preventivos e, como un dos máis eficaces, o emprego de cans de raza mastín para a defensa do rabaño.



Neste sentido, temos que dicir que o Convenio entre OVICA e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible foi todo un éxito, repartíndose xa uns 60 cachorros desta raza entre os gandeiros interesados, moitos dos cales xa están realizando a súa labor axeitadamente. Aínda hai gandeiros en espera pendentes de recibir o mastín, polo que OVICA reunirase nas próximas datas coa Consellería de M.A. e D.S. para tratar de asina-la renovación deste Convenio para o ano 2008.



COVIGA
evolución na calidade

ASAMBLEA ANUAL DE OVICA

OVICA celebrará a principios de ano a súa Asamblea Ordinaria Anual, órgano de goberno, administración, control e expresión da vontade do conxunto da Asociación e na que analizará o traballo realizado ata o momento e se tomarán as decisións de funcionamento futuro.

Entre outros temas a tratar, nesta Asamblea procederase á renovación da Xunta Directiva, que se realiza cada 2 anos, polo que todos aqueles interesados en formar parte da nova XD, nos seus diferentes cargos, deben comunica-lo a OVICA para confecciona-las diferentes candidaturas. Admítense propostas ata o mesmo día da Asamblea.

DEREITOS DE OVINO E CAPRINO

O Ministerio de Agricultura anunciou que xa repartiu 641.000 dereitos de prima de ovino-caprino da Reserva Nacional

Recorda

Poderanse solicitar da Reserva Nacional dereitos de Pago Único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandería, así como a indemnización compensatoria, xunto coa solicitude de axudas da PAC entre o 1 de febreiro e o 30 de abril de 2008, inclusive. A partir de novembro e ata mediados de marzo poderanse realizar as transferencias de Dereitos de Pago Único.

CHALECOS DE OVICA - COVIGA

Se aínda nos tes o chaleco e estas interesado, podes conseguilo chamando a OVICA. Hai dispoñibles varias tallas. (Prezo: 23 €)

